

Artigo 1.

A provincia de «Alicante» terá igualmente a denominación oficial de «Alacant».

Artigo 2.

A provincia de Castellón terá igualmente a denominación oficial de «Castelló».

Artigo 3.

A provincia de Valencia terá igualmente a denominación oficial de «València».

Disposición adicional única.

De acordo co artigo 7 do Estatuto de autonomía da Comunidade Valenciana os organismos da Administración Xeral do Estado utilizarán a denominación das tres provincias en valenciano e castelán.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 6 de xullo de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

15227 LEI 26/1999, do 9 de xullo, de medidas de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das Forzas Armadas. («BOE» 164, do 10-7-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O dictame da Comisión Mixta, non permanente, Congreso dos Deputados-Senado, sobre a fórmula e os prazos para a plena profesionalización das Forzas Armadas, aprobado polo Pleno do Congreso dos Deputados o 28 de maio de 1998 e polo Pleno do Senado o 9 de xuño do mesmo ano, establece un novo modelo sustentado nuns principios que supoñen un importante e histórico reto. Non se trata soamente de dotar con soldados e mariñeiros profesionais as actuais Forzas Armadas, coa conseguinte suspensión do servizo militar, senón de construí-los novos exércitos que España necesita, con gran capacidade de proxección exterior, plenamente operativos e dispostos para garanti-lo cumprimento das misións que o Goberno lles encomende.

II

O modelo de Forzas Armadas do futuro quedou deseñado, con carácter xeral, na lei que regula o réxime do seu persoal. Non obstante, un dos aspectos singulares da condición de militar que require unha definición complementaria con rango de lei é a obrigatoria mobilidade xeográfica derivada da dispoñibilidade por razóns profesionais. En efecto, a mobilidade ó longo da traxectoria

profesional do militar é unha característica ou esixencia relevante que contribúe eficazmente á súa capacitación e á operatividade dos exércitos. Por iso foi tradicional que tanto no noso país coma nos do noso contorno se aplicasen ó longo do tempo diversas políticas de vida militar, orientadas a facilitar a citada mobilidade co obxecto de asegurar que as unidades militares poidan dispor en todo tempo dos profesionais adecuados e que estes poidan desenvolver traxectorias enriquecedoras do propio perfil profesional para responder ás demandas da organización.

III

Este é o momento en que é posible abordar unha nova política, que se plasma nesta lei, o que xa por si mesmo representa unha novidade de gran importancia: o Parlamento someteu a debate e estableceu o modelo de apoio á mobilidade nos exércitos. Hai que ter en conta, neste sentido, que no tema conflúen dous aspectos nos que son desexables unha política de estabilidade e acordos políticos maioritarios. Por un lado, todo o relacionado coas esixencias da defensa e a operatividade das nosas Forzas Armadas e, por outro, un aspecto substancial na vida de calquera profesional que teña que estar sometido a frecuentes cambios de domicilio por esixencias do seu traballo.

O principio esencial desta lei segue sendo o tradicional de facilita-la mobilidade xeográfica do militar en servizo activo mediante o apoio ás súas necesidades de vivenda por cambio de destino e localidade. Ese principio concretase a través dunha compensación económica ou, en casos singulares, facilitándolle vivenda militar. Velaquí, coa alteración na orde na que se citan os dous tipos de apoios, compensación ou vivenda, e o carácter residual na concesión desta última, o cambio substancial que se pretende introducir con esta lei. O militar que cambie de destino e localidade recoñeceráselle, por un período de tres anos como máximo, unha compensación económica que lle permita atender sen grave quebranto os problemas derivados da súa mobilidade. Unicamente en casos singulares derivados de motivos de operatividade, funcionalidade ou seguridade se lle adxudicará vivenda militar co réxime especial que se determina na propia lei. Nalgúns casos, estas razóns estarán baseadas na particularidade do posto que se ocupe e a vivenda militar será inherente ó destino; noutras, serán razóns obxectivas polas características de determinadas vivendas as que aconsellarán a súa adxudicación, que se producirá en función das cargas familiares, tempo de servizos, destinos e outras condicións específicas dos posibles usuarios que se determinen regulamentariamente. Este réxime especial de aplicación ás vivendas militares quedará excluído do réxime xeral da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos.

Para estes efectos, do actual parque de vivendas declararanse non alleables aquelas que, por se atoparen no interior de instalacións militares, por razóns de seguridade ou por necesidades operativas en zonas específicas, se consideren imprescindibles. Soamente estas vivendas poderán ser adxudicadas, en réxime de arrendamento especial, a partir da entrada en vigor desta lei. As causas da perda do dereito á súa ocupación estarán debidamente taxadas na propia lei.

IV

Feita a formulación xeral, convén facer un apuntamento máis. Como xa se sinalou, estase definindo un novo modelo de Forzas Armadas no que son parte substancial, ademais dos militares de carreira, os militares

de complemento e os militares profesionais de tropa e mariñeiría. Esta lei permite dar resposta a este esquema de persoal. Así, o elemento substancial do apoio á mobilidade, que é a compensación económica, facilitaráselles tamén ó militar de complemento e ó militar profesional de tropa e mariñeiría que mantén unha relación de servizos de carácter temporal, nas mesmas condicións ca ó militar de carreira, sempre que cumprisen cinco anos de tempo de servizos. O acceso ás vivendas militares en réxime especial, co carácter residual xa mencionado, queda reservado para o militar de carreira e para o militar profesional de tropa e mariñeiría que mantén unha relación de servizos de carácter permanente que se encontre en situación de servizo activo ou na de reserva con destino, non sendo aplicable, pola temporalidade da relación dos seus servizos, ó resto dos militares profesionais de tropa e mariñeiría nin ós militares de complemento.

V

Os devanditos criterios poderían levar a considera-lo tratamento do resto do parque de vivendas militares, que sexan declaradas alleables, como propio dun réxime simplemente transitorio. Non obstante, hai que considera-la súa importancia cuantitativa (47.000 vivendas aproximadamente, xa que se inclúen na norma as vivendas administradas polos cuarteis xenerais, as anteriormente denominadas vivendas de servizo e pavillóns de corpo, praza e unidade); a diferenza cualitativa das vivendas por razón da súa antigüidade, servizos, habitabilidade e superficie; os problemas derivados da súa distribución xeográfica ó longo do territorio nacional con desequilibrios entre a oferta e a demanda actual, que impiden unha xestión eficiente e, sobre todo, a incidencia que calquera medida pode ter sobre o gran número de usuarios. Todo iso aconsella regular no propio articulado da lei o dereito de uso dos actuais usuarios das vivendas militares, ó que se lle outorga un carácter vitalicio se se trata do titular contractual, acadando este dereito, en caso de falecemento daquel, como beneficiarios, o cónxuxe convivente ou persoa en análoga relación de afectividade, e os descendentes e ascendentes do titular, en primeiro grao, en determinadas circunstancias. Nos casos en que, por sentenza ou resolución xudicial, as vivendas estean ocupadas por persoas distintas do titular do contrato, o dereito de uso do adxudicatario terá o alcance que nela se determine, aínda que, como é lóxico, tamén se regulan as causas polas que se poderá resolver de pleno dereito o contrato correspondente.

Ademais do dereito ó uso, na lei inclúense as normas para o alleamento das vivendas militares e demais inmo-bles que non sexan declarados de especial interese para a defensa.

Así mesmo, resulta conveniente salienta-la racionalización do parque de vivendas que se produce coa súa agrupación en dúas únicas categorías, vivendas militares e pavillóns de cargo, integrándose nestes últimos as ata o de agora denominadas vivendas de representación e pavillóns de cargo.

VI

O alleamento da maior parte do parque de vivendas militares fará posible mante-lo funcionamento do sistema, facer fronte ós gastos que se xeren no período necesario para o cambio do modelo e, ademais, os excedentes económicos que se xeren poderanse aplicar a coadjuvar na dotación económica dos procesos de modernización e funcionalización das Forzas Armadas, prioritarios nestes momentos, asegurando o mantemento do sistema no futuro a través das subvencións que se incluírán nos orzamentos xerais do Estado.

VII

A lei establece, ademais dos requisitos para a venda ó usuario da vivenda militar que estea ocupando, diversas medidas para facilita-lo acceso á propiedade de vivendas dos membros das Forzas Armadas. Esta política será de aplicación ó importante número de militares que nestes momentos non son usuarios e materializarase primándose nos correspondentes concursos, cando sexa o Ministerio de Defensa o que poña vivendas alleables á venda e, tamén, mediante axudas económicas directas ou alleamento de solo a cooperativas integradas, fundamentalmente, por persoal militar. Preténdese, coa aplicación desta lei, favorece-la igualdade de oportunidades no acceso á propiedade de vivenda ós militares de carreira en servizo activo, sexan usuarios ou non de vivenda militar.

VIII

Por último, a lei adapta as funcións do Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas á regulación da materia, tendo presentes as novas formulacións da súa xestión para a consolidación do sistema e tendo en conta o proceso de cambio que se desenvolverá a partir da súa entrada en vigor.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

A presente lei ten por obxecto establecer un sistema de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das Forzas Armadas a través das seguintes medidas:

- a) Facilitar unha compensación económica para atende-las necesidades de vivenda orixinadas por cambio de destino que supoña cambio de localidade .
- b) Asignar en réxime de arrendamento especial as vivendas militares nos casos singulares que se recollen nesta lei.
- c) Proporcionar axudas para o acceso á propiedade de vivenda.

Así mesmo, ten por obxecto racionaliza-lo uso e destino das vivendas militares, establecendo, en particular, as normas para o alleamento de todas aquelas que non se destinen ós fins sinalados neste artigo.

Artigo 2. Beneficiarios da compensación económica ou do uso de vivenda.

O Ministerio de Defensa facilitaralle ó militar de carreira das Forzas Armadas, así como ó militar profesional de tropa e mariñeiría que mantén unha relación de servizos de carácter permanente, que se encontre en situación de servizo activo ou na de reserva con destino, cando cambie de destino que supoña cambio de localidade ou área xeográfica, unha compensación económica ou, con carácter extraordinario, unha vivenda en réxime de arrendamento especial, conforme o establecido nesta lei.

Ó militar de complemento e ó militar profesional de tropa e mariñeiría que mantén unha relación de servizos de carácter temporal, tamén se lle facilitará compensación económica unha vez cumpridos cinco anos de tempo de servizos, cando se dean as circunstancias sinaladas no parágrafo anterior.

CAPÍTULO II

Réxime das medidas de apoio á mobilidade xeográfica**Artigo 3. Réxime da compensación económica.**

1. A compensación económica recoñeceráselles mensualmente ós beneficiarios dela durante o período de tempo en que se encontren destinados de forma continuada en cada localidade ou área xeográfica, cunha duración máxima de trinta e seis meses. As condicións e o procedemento para o seu recoñecemento determinaranse regulamentariamente e a súa contía será fixada cada ano por orde do ministro de Defensa, tendo en conta os prezos do mercado de aluguer de vivendas na localidade e o grupo de clasificación do persoal.

2. A compensación económica, sen prexuízo dos seus efectos fiscais, considerarase como axuda de carácter non retributivo. En consecuencia, a súa percepción indebida dará lugar ó reintegro polo procedemento previsto para os ingresos de dereito público no artigo 81 da Lei xeral orzamentaria.

Artigo 4. Vivendas militares.

1. As vivendas das que a titularidade ou administración corresponde ó Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas e ós cuarteis xenerais dos exércitos, con excepción das vivendas a que fai referencia a disposición adicional primeira, terán a cualificación única de vivendas militares e serán destinadas ós fins sinalados na presente lei.

Así mesmo, o ministro de Defensa poderá cualificar como vivendas militares, cando se declaren innecesarias e queden desafectadas para os fins e destinos que teñen asignados, calquera outra vivenda administrada por unidades, centros e organismos do Ministerio de Defensa.

Tódalas vivendas militares se integran no patrimonio propio do Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas, con excepción daquelas que constitúen elemento inseparable de bases, acuartelamentos, edificios ou establecementos militares.

2. O uso das vivendas militares rexerase por esta lei e disposicións de desenvolvemento.

Artigo 5. Destino das vivendas militares.

1. As vivendas militares localizadas dentro de bases, acuartelamentos, edificios ou establecementos militares, as que pola súa situación supoñan un risco para a seguridade deles e aquelas outras que se encontren en zonas específicas nas que resulte necesario dispor de vivendas para o persoal destinado nelas, en especial en Ceuta e Melilla, facilitaranse en réxime de arrendamento especial.

O ministro de Defensa, mediante as correspondentes ordes ministeriais comunicadas, determinará a relación das ditas vivendas. Só estas vivendas serán obxecto de cesión de uso, mediante contrato administrativo especial, que se formalizará no correspondente documento administrativo.

2. As vivendas militares, con excepción das sinaladas na alínea anterior, poderán allearse nas condicións que se sinalan nesta lei e de acordo co procedemento que regulamentariamente se estableza.

Artigo 6. Dereito de uso de vivenda militar.

1. O titular do contrato que adquirise o dereito de uso dunha vivenda militar poderá mantelo con carácter vitalicio.

2. En caso de falecemento do titular poderán ser beneficiarios do dereito de uso, tamén con carácter vita-

licio e sen posibilidade de transmitir esta condición a terceiros, o cónxuxe que convivise con el no momento do falecemento e as persoas que se relacionan a seguir, se conviviron co titular os dous anos inmediatamente anteriores:

a) Persoa en análoga relación de afectividade có cónxuxe.

b) Fillos do titular cunha minusvalidez igual ou superior ó 65 por 100.

c) Demais fillos do titular, salvo que o falecemento deste se produza con posterioridade á entrada en vigor desta lei, caso no cal poderán mante-lo dereito de uso dous anos ou ata a data en que acaden a idade de vinte e cinco anos, se esta for posterior.

d) Ascendentes do titular en primeiro grao.

De existiren dúas ou máis persoas das relacionadas nesta alínea, a condición de beneficiario só poderá recaer nunha persoa física, que quedará determinada pola orde en que se citan anteriormente, resolvéndose os casos de igualdade entre os fillos a favor do de menor idade.

3. Nos casos de vivendas que, por sentenza firme de nulidade, separación ou divorcio, ou por resolución xudicial que así o declare, se encontren ocupadas por persoa distinta do titular do contrato, o dereito de uso do adjudicatario terá o alcance que se determine na correspondente sentenza ou resolución.

4. A adquisición e mantemento do dereito de uso dunha vivenda militar está condicionado, en todo caso, a que esta constituía a residencia habitual do titular ou, no seu defecto, do beneficiario que se determine.

5. O preceptuado nas alíneas anteriores enténdese, en todo caso, sen prexuízo do que se determina no artigo 9 para a perda do dereito de uso das vivendas militares que se declaren expresamente como non alleables e se ocupen a partir da entrada en vigor desta lei, e do disposto no artigo 10 sobre resolución de contratos das vivendas militares.

Artigo 7. Canon arrendaticio de uso e taxas.

1. A contraprestación polo uso das vivendas militares e prazas de aparcamento consistirá no aboamento dos correspondentes canons mensuais ou, de se-lo caso, taxas, cunha contía que será fixada polo ministro de Defensa. Unha vez fixada, será actualizada cada ano mediante a aplicación do índice de prezos ó consumo correspondente ó exercicio económico anterior. No caso das vivendas militares, este canon ou taxa establecerase atendendo ós parámetros de localidade, superficie, situación e estado dotacional.

2. Os canons que se establezan polo uso das vivendas militares e polas prazas de aparcamento, así como as cantidades que se aboarán por servizos repercutibles, teñen a natureza de prezos públicos, salvo que proceda a súa cualificación como taxa nos supostos excepcionais determinados no último parágrafo da alínea 1 do artigo 4 desta lei, sendo de aplicación, en consecuencia, os procedementos que para a súa reclamación ou reintegro prevé a lexislación reguladora das taxas e prezos públicos.

Artigo 8. Réxime de adjudicación das vivendas militares non alleables.

1. O réxime de adjudicación das vivendas militares non alleables fixarase regulamentariamente, tendo en conta o destino, tempo de servizos e cargas familiares dos beneficiarios e, cando corresponda, a vinculación da vivenda a determinados destinos ou cargos, así como as incompatibilidades aplicables ós seus usuarios.

Así mesmo, fixaranse regulamentariamente os dereitos e obrigas derivados da adxudicación, en particular os relativos ás obras de mantemento, reparación e conservación dos edificios e vivendas e os seus servicios comúns que serán por conta do Instituto, salvo as deterioracións que por falta de dilixencia ou mal uso lles sexan imputables ós usuarios. Os servicios individualizados ou susceptibles de medición por contador e os tributos que os graven, serán, en todo caso, sufragados polos ditos usuarios.

En caso de que habiten na vivenda persoas con minusvalidez, seralles de aplicación o disposto no artigo 24 da Lei 29/1994, de arrendamentos urbanos.

2. Tendo en conta a natureza dos contratos que se van subscribir e dos seus destinatarios, estes quedarán exentos de prestación de garantía.

Artigo 9. *Perda do dereito de uso das vivendas militares non alleables.*

O dereito de uso das vivendas militares que se declaren expresamente como non alleables e se ocupen a partir da entrada en vigor desta lei cesará polas seguintes causas:

- a) Cambio na situación administrativa que outorgou o dereito ó uso da vivenda.
- b) Cambio de destino cando implique cambio de localidade ou área xeográfica ou, segundo o establecido no número 1 do artigo 8 desta lei, cando a vivenda estea vinculada ó citado destino.
- c) Perda da condición de militar de carreira ou de militar profesional de tropa e mariñeiría.
- d) Pase a retiro do titular.
- e) Falecemento do titular.

Os usuarios de vivenda militar non alleable que fose adxudicada en virtude desta lei deberán desaloxala no prazo dun mes a partir da data na que produza efectos a correspondente disposición declarativa de calquera das causas ou do falecemento do titular.

Artigo 10. *Resolución de contratos das vivendas militares.*

O Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas poderá resolver de pleno dereito, logo de audiencia dos interesados, o contrato subscrito relativo a calquera vivenda militar polas seguintes causas:

- a) Falta de pagamento do canon arrendaticio de uso ou das cantidades das que asumise o seu aboamento ou sexan repercutibles ó usuario, correspondentes a tres mensualidades.
- b) O subarrendamento ou a cesión do uso da vivenda.
- c) A realización de danos causados dolosamente no predio ou de obras non autorizadas polo Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas que modifiquen a configuración da vivenda e dos seus accesorios ou provoquen diminución da estabilidade ou seguridade dela.
- d) Cando na vivenda teñan lugar actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.
- e) Cando a vivenda deixe estar destinada a satisfacer a necesidade de vivenda habitual do beneficiario ou se utilice para actividades alleas a este fin.
- f) Cando o titular dispoña doutra vivenda adquirida polos procedementos de adxudicación directa ou concurso, a que fai referencia a disposición adicional segunda desta lei.
- g) Falecemento do titular se non existen beneficiarios definidos no artigo 6 ou o destes, se é o caso.
- h) Extinción das causas polas que se outorgou o dereito de uso da vivenda, previstas no artigo 6 desta lei.

Así mesmo, poderá resolverse o contrato de vivenda militar naqueles casos en que, por razóns de interese público, se modifique o destino do inmovible. Acordada a resolución, o titular do dereito de uso poderá percibir unha indemnización que se fixará no importe de trinta e seis mensualidades do canon vixente no momento de producirse a dita resolución nas condicións que se fixen regulamentariamente.

A acción para conseguilo desafiuzamento cando se produza algunha destas causas e non se desaloxe a vivenda de maneira voluntaria, exerceraa o Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas ante a xurisdicción ordinaria de acordo coas normas procesuais establecidas nos artigos 38 e 39 da Lei 29/1994, de arrendamentos urbanos.

Artigo 11. *Axudas para o acceso á propiedade da vivenda.*

Para facilita-lo acceso á propiedade de vivenda dos membros das Forzas Armadas, establécense as seguintes medidas:

- a) A concesión de axudas e subvencións ós militares de carreira das Forzas Armadas e ós militares profesionais de tropa e mariñeiría que manteñen unha relación de servicios de carácter permanente, en situación de servizo activo, nos termos previstos nos artigos 81 e 82 da Lei xeral orzamentaria e de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias.
- b) O alleamento de solo a cooperativas que teñan como fin primordial a construción de vivendas en propiedade para os membros das Forzas Armadas.

O ministro de Defensa establecerá os requisitos e procedementos para a aplicación das medidas previstas neste artigo e fixará os criterios de valoración para a súa concesión, acordos coa finalidade destas.

Artigo 12. *Incompatibilidades.*

1. As medidas de apoio que esta lei lle recoñece ó persoal beneficiario delas e a adquisición de vivenda alleada polo Ministerio de Defensa polos procedementos de adxudicación directa ou concurso son excluíntes. En consecuencia:

- a) Os que adquiren unha vivenda polo procedemento de concurso ou adxudicación directa previstos nesta lei, ou como beneficiarios de cooperativa que a constrúese en terreos alleados polo Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas, non poderán acceder a ningunha das medidas de apoio establecidas nesta lei, así como a calquera outra axuda do Ministerio de Defensa ou os seus organismos para a adquisición de vivenda.
- b) Os que perciban calquera clase de subvención ou axuda, outorgada polo Ministerio de Defensa ou os seus organismos para a adquisición de vivenda, non poderán acceder a outra da mesma natureza, así como a ningunha das medidas de apoio nin á adquisición de vivenda polo procedemento de concurso ou adxudicación directa, establecidas nesta lei.
- c) Tampouco poderán acceder a ningunha das medidas de apoio establecidas nesta lei, así como a calquera outra axuda outorgada polo Ministerio de Defensa ou os seus organismos para a adquisición de vivenda, nin adquirir vivenda polo procedemento de concurso previsto nesta lei, os que sexan titulares de vivenda militar alleable, durante o tempo que a estean ocupando.

2. Sen prexuízo do disposto na alínea anterior, os que con anterioridade á entrada en vigor desta lei adquirisen unha vivenda adxudicada polo procedemento de concurso ou adxudicación directa polo Ministerio de

Defensa ou os seus organismos, ou por cooperativa que a constrúese en terreos alleados polo Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas, non poderán acceder a ningunha das medidas de apoio previstas nesta lei, salvo á de compensación económica ou vivenda en réxime de arrendamento especial en localidade de destino distinta á da situación da vivenda adquirida e cando no solicitante concorran as circunstancias que para o seu recoñecemento se determinan no artigo 2 desta lei.

3. En ningún caso se poderá adquirir máis dunha vivenda alleada polo Ministerio de Defensa ou os seus organismos polo procedemento de concurso ou adxudicación directa, ou por cooperativa que a constrúese en terreos alleados polo Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas.

CAPÍTULO III

Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas

Artigo 13. *Clasificación, adscrición e réxime xurídico.*

O Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas, creado polo Real decreto 1751/1990, do 20 de decembro, configúrase como organismo autónomo, adscrito ó Ministerio de Defensa, sometido ó réxime previsto no capítulo II do título III da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, coas excepcións establecidas na presente lei respecto ó seu réxime patrimonial.

O seu réxime orzamentario, económico-financieiro, de contabilidade e de intervención e control financeiro será o establecido para os organismos autónomos na Lei xeral orzamentaria e demais disposicións vixentes sobre estas materias. Non obstante, ata que se proceda á modificación do Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral orzamentaria, o Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas rexerá nas correspondentes materias polos preceptos do texto refundido da Lei xeral orzamentaria aplicables ós organismos autónomos de carácter comercial, industrial, financeiro ou análogos.

Artigo 14. *Funcións.*

O Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas ten como funcións principais as seguintes:

- a) Recoñecer e aboa-las compensacións económicas.
- b) Adxudicarlle vivendas en réxime de arrendamento especial ó persoal militar.
- c) Manter, conservar e xestionar-las vivendas militares.
- d) Proporlle ó ministro de Defensa a contía dos canons de uso ou, se é o caso, taxas das vivendas militares e prazas de aparcamento.
- e) Conceder, nos termos que determine o Ministro de Defensa, axudas para a adquisición de vivendas por persoal militar.
- f) Promover e apoiar-la constitución de asociacións e cooperativas que executen programas de construción de vivendas en propiedade para o persoal militar.
- g) Aqueloutras funcións atribuídas por esta ou outras leis e as súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 15. *Capacidade legal.*

Para o cumprimento dos fins sinalados nesta lei, o Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas terá a máis ampla capacidade legal para:

- a) Adquirir, allear e arrendar edificios, locais e terreos.
- b) Gravar, permutar, allear e dispor a título oneroso, dos bens que constitúen o seu patrimonio.
- c) Contratar-la realización de obras e prestación de servicios ou executar directamente unhas e outros.
- d) Repercutir ós usuarios os servicios e subministracións que se presten nas vivendas e esixir-lo seu pagamento.
- e) Resolver-las reclamacións sobre responsabilidade patrimonial que se formulen contra o organismo.

Artigo 16. *Réxime patrimonial.*

1. Constitúen os recursos económicos do Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas os bens e dereitos que integran o seu patrimonio, as consignacións que se lle asignen nos orzamentos xerais do Estado, as transferencias correntes ou de capital que procedan das administracións ou entidades públicas, os produtos e rendas do seu patrimonio e dos bens que, de se-lo caso, teña adscritos, os ingresos xerados polo exercicio das súas actividades e calquera outro que lle sexa atribuído.

2. Os excedentes dos ingresos procedentes do alleamento do patrimonio, unha vez cubertas as obrigas derivadas do funcionamento do organismo e dos fins previstos nesta lei, aplicaranse a atender-las gastos derivados do proceso de profesionalización e modernización das Forzas Armadas e a reduci-lo déficit inicial do orzamento do Estado mediante as oportunas transferencias do Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas ó Estado. Os ingresos que se produzan no orzamento do Estado como consecuencia das indicadas transferencias poderán xerar crédito nos correspondentes programas do Ministerio de Defensa, por acordo do ministro de Economía e Facenda.

3. O ministro de Defensa poderá acordar-la transferencia de solo ó patrimonio propio do Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas para o cumprimento dos seus fins cando este se declare innecesario e logo da súa desafectación.

Artigo 17. *Fin da vía administrativa.*

De acordo co establecido no punto 3 da disposición adicional décimo quinta da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, os actos e resolucións do director xeral do Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas poñen fin á vía administrativa.

Disposición adicional primeira. *Pavillóns de cargo.*

As vivendas destinadas a domicilio oficial ou de representación social do militar, por razón do cargo ou destino que desempeñe, que no sucesivo se denominarán pavillóns de cargo, logo de declaración como tales dos correspondentes inmobles, seguirán rexéndose pola Orde ministerial 16/1994, do 10 de febreiro, e disposicións complementarias, mentres o ministro de Defensa non proceda a unha nova regulación do seu réxime.

Disposición adicional segunda. *Normas para o alleamento de vivendas militares e demais inmobles.*

1. As vivendas non incluídas nas ordes ministeriais ás que se refire a alínea 1 do artigo 5 desta lei, así como os demais inmobles, poderán ser obxecto de alleamento de acordo coas seguintes normas:

- a) As vivendas ocupadas poderán serlle ofrecidas ó titular do contrato ou, caso de falecemento deste, ós

beneficiarios que tivesen recoñecido o dereito de uso con carácter vitalicio, segundo o preceptuado no artigo 6 desta lei.

Nos casos de vivendas que por sentenza firme de nulidade, separación ou divorcio, ou por resolución xudicial que así o declare, se encontren ocupadas por persoa distinta do titular do contrato, o alleamento da vivenda a este titular só será posible sempre que, concorrendo tódolos demais requisitos previstos nesta lei, se cumpra a condición de facer constar expresamente na escritura pública de compravenda, os extremos relativos á atribución do uso da vivenda familiar que figuren no convenio regulador aprobado polo xuíz ou, no seu defecto, nas medidas tomadas por este, así como en tódalas modificacións xudiciais dictadas por alteración substancial das circunstancias, de conformidade co previsto nos artigos 90 e 91 do Código civil, e que se producisen antes do outorgamento da citada escritura.

Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, as vivendas ocupadas serán ofrecidas á persoa que tivese asignado o seu uso por sentenza firme de separación, divorcio ou nulidade, ou por resolución xudicial que así o declare, no suposto de que non constituía a residencia habitual do titular do contrato e que este renuncie expresamente a exercer-lo dereito de compra unha vez recibida a oferta, ou de forma tácita se no prazo de dous meses desde a recepción da citada oferta non manifesta a súa vontade de adquisición, ou procede a revoga-la súa aceptación, perdendo este o dereito de ocupación permanente da vivenda en réxime de arrendamento especial e séndolle de aplicación o establecido no artigo 12, alínea 1, letra a), desta lei.

A habilitación contida nos parágrafos anteriores para que poida procederse ó alleamento das vivendas non se entenderá como dereito adquirido a favor dos posibles compradores ata que reciban a correspondente oferta.

b) O prezo de venda dos inmobles ós que se refire a letra a) desta alínea, fixarase de acordo co valor real de mercado no momento do seu ofrecemento, ó que se aplicará a deducción que se sinala a seguir.

Para estes efectos considerárase como valor real de mercado o que fixen, polo menos, dúas entidades de taxación, inscritas no rexistro correspondente do Banco de España e seleccionadas mediante concurso público, todo isto na forma e segundo o procedemento que regulamentariamente se determine.

A este importe aplicaráselle unha deducción que, tendo en conta os criterios que viñeron rexendo para a determinación dos canons de uso e a ponderación do dereito de ocupación vitalicio que lles recoñece esta lei ós usuarios, se valora de forma unitaria no cincuenta por cento, determinando así o prezo final de venda. Este prezo aboaráse ó contado.

c) A adquisición da vivenda será potestativa, manténdose o dereito do usuario á ocupación permanente dela en réxime de arrendamento especial, conforme se determina no artigo 6 desta lei. O ministro de Defensa fixará, en todo caso, os calendarios de venda e orde de prelación de acordo cos intereses públicos.

d) O usuario dunha vivenda no que concorran as circunstancias sinaladas na letra a) desta alínea, salvo a excepción prevista no número 3 do artigo 12 desta lei, que non realizase a compra da súa vivenda no momento da oferta das vivendas do edificio do que forma parte, poderá, posteriormente, solicita-la súa compra durante un prazo de cinco anos contado a partir da dita oferta. Neste caso, a nova oferta realizarase cando non perturbe os calendarios de venda previstos, sendo o prezo final de venda a que se refire a letra b) desta alínea o que resulte dunha nova taxación.

e) As comunidades de propietarios asumirán tódolos servizos e elementos comúns do predio transmitido.

En cada un deles integrarase o Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas como propietario das vivendas que, en aplicación do disposto na letra c) desta alínea, non fosen alleadas.

f) Respecto das vivendas desocupadas, o Ministerio de Defensa poderá optar por asignárllelas a outras unidades do departamento ou allealas mediante concurso, establecendo como prezo de licitación o prezo final de venda resultante da valoración sinalada na letra b) desta alínea, entre persoal ó servizo do Ministerio de Defensa de acordo cos baremos e procedemento que se determinen.

Nos citados baremos teranse en conta, entre outros parámetros, con carácter prioritario e por esta orde, que o militar se encontre na situación de servizo activo, así como que desaloxase a vivenda militar que ocupaba, en aplicación do Real decreto 1751/1990, do 20 de decembro, como consecuencia do pase a situacións de reserva.

g) As vivendas adquiridas nas condicións sinaladas nas letras a) a f) anteriores non poderán ser obxecto de alleamento mentres non transcorresen tres anos desde o momento da compravenda, salvo falecemento do adquirente.

h) As vivendas non ocupadas que non se adxudiquen polos procedementos anteriores e o resto dos bens inmobles, garaxes e locais comerciais, que non teñan usuario, serán alleados por poxa pública con suxeición ó procedemento previsto na normativa vixente. Os locais comerciais arrendados poderán ser adxudicados directamente ó titular do contrato no prezo de venda que fixen as entidades de taxación que, estando inscritas no rexistro correspondente do Banco de España, fosen seleccionadas mediante o correspondente concurso público. Os inmobles sinalados tamén poderán ser alleados por contratación directa, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 117 do Regulamento do patrimonio do Estado, entendéndose conferidas ó ministro de Defensa as facultades que o mesmo precepto lle atribúe ó ministro de Economía e Facenda.

i) As normas para o alleamento contidas nesta alínea serán de expresa aplicación en todo caso, excluíndose, por tanto, calquera outro réxime específico ó que puidesen terse acollido con anterioridade as vivendas militares e demais inmobles.

Os contratos de compravenda a que se refire esta alínea terán a natureza de contratos privados da Administración.

2. Os recursos económicos obtidos como consecuencia dos alleamentos pasarán a formar parte do patrimonio do Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas para o cumprimento dos fins sinalados nesta lei.

Disposición adicional terceira. *Alleamento doutros inmobles do dominio público.*

Sen prexuízo das facultades que lle outorga no seu artigo 71 a Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, á Xerencia de Infraestrutura e Equipamento da Defensa, en relación co alleamento dos inmobles do dominio público estatal que deixen de ser necesarios para a defensa, cando estes teñan a consideración de vivendas militares, nesta lei definidas, así como os seus elementos inseparables, serán alleados polo Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas con suxeición ós criterios sinalados na disposición anterior. Inclúense nesta facultade os bens inmobles, soares ou edificacións adscritos polo patrimonio do Estado ós extinguidos padroados de casas militares para a citada finalidade.

Disposición adicional cuarta. *Persoal do Centro Superior de Información da Defensa.*

Os dereitos que esta lei establece para os militares en situación de servizo activo, tamén serán de aplicación ó persoal militar que, no momento da entrada en vigor do Real decreto 1324/1995, do 28 de xullo, estivese prestando servizos no Centro Superior de Información da Defensa e non causase baixa nel, mesmo cando pase á situación de servizos especiais.

Disposición adicional quinta. *Determinación de vivendas militares non alleables.*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, o ministro de Defensa procederá a efectuar as correspondentes declaracións de vivendas militares non alleables, de conformidade co establecido nela.

Disposición adicional sexta. *Situacións administrativas distintas ó servizo activo.*

Nas situacións administrativas do persoal militar, distintas do servizo activo ou reserva, o Goberno determinará regulamentariamente as medidas concretas das previstas na presente lei que son aplicables a elas.

Disposición adicional sétima. *Asignación especial de vivenda militar.*

Por razóns de economía de medios e mellor aproveitamento dos recursos dispoñibles e cando non existan peticionarios que cumpran os requisitos esixidos nesta lei, poderá acceder a vivenda militar en réxime de arrendamento especial, nas condicións que se determinen regulamentariamente, o persoal militar que se encontre en primeiro destino ou en posteriores destinos sen cambio de localidade ou área xeográfica.

Disposición adicional oitava. *Outras medidas de carácter especial.*

O Ministerio de Defensa poderá arbitrar medidas tendentes a facilita-lo exercicio do dereito de uso vitalicio da súa vivenda militar a retirados, xubilados, viúvos, viúvas e, de se-lo caso, ós beneficiarios sinalados no número 2 do artigo 6 desta lei, que teñan un nivel de recursos económicos individual que non supere os límites que regulamentariamente se determinen.

Disposición transitoria primeira. *Arquivo de expedientes.*

Os expedientes abertos con anterioridade á entrada en vigor desta lei relativos á cualificación de vivendas de apoio loxístico, incluídos os tramitados en cumprimento de sentenza e, así mesmo, os expedientes de desafuzamento instruídos polo Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas de acordo co disposto no Real decreto 1751/1990, do 20 de decembro, por calquera das causas sinaladas no artigo 9 desta lei, mesmo cando sobre eles recaese sentenza firme, archivaranse de oficio, manténdose vixentes os expedientes de desafuzamento incoados por calquera das causas sinaladas no artigo 10 desta lei.

Disposición transitoria segunda. *Desafuzamentos administrativos e xudiciais.*

Ata que se dicten as correspondentes normas de procedemento, o Consello Rector do Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas poderá acorda-la incoación dos pro-

cedementos de desafuzamento polas causas previstas no artigo 9 desta lei, que serán resolvidos polo director xeral xerente do Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas e se axustarán ó procedemento sinalado nos artigos 142 ó 144 do Decreto 2114/1968, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento para a aplicación da Lei sobre vivendas de protección oficial, texto refundido aprobado polo Decreto 2131/1963, do 24 de xullo, e 3964/1964, do 3 de decembro.

Disposición transitoria terceira. *Suspensión da adxudicación de vivendas.*

Mentres non se estableza regulamentariamente o procedemento a que fai referencia o artigo 8 desta lei, ós solicitantes de vivenda recoñeceráselles exclusivamente o dereito á compensación económica de acordo coas normas e procedemento sinalado no Real decreto 1751/1990 e disposicións de desenvolvemento.

Disposición transitoria cuarta. *Dereito a seguir percibindo a compensación económica.*

Ós solicitantes que xa viñesen percibindo compensación económica, manteráselles este dereito ata o prazo máximo sinalado no artigo 3 desta lei, contado a partir da súa entrada en vigor e sempre que se manteñan as condicións esixidas nela para o seu recoñecemento.

Disposición transitoria quinta. *Adecuación orzamentaria do Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas.*

A adecuación do Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas prevista no artigo 13 desta lei terá efectos ó inicio do exercicio orzamentario seguinte ó da súa entrada en vigor.

Disposición transitoria sexta. *Inmobles en proceso de alleamento.*

As vivendas e outros inmobles que, no momento da entrada en vigor desta lei, se encontren en proceso de alleamento, manterán as condicións xa establecidas ou comprometidas para a súa venda, que culminará o organismo que iniciase os expedientes. Transcorrido o prazo de dous anos a partir da citada entrada en vigor, darase por concluído o proceso, séndolles de aplicación os preceptos establecidos nesta lei.

Disposición transitoria sétima. *Incorporación ó réxime xeral de vivendas militares non administradas polo Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas.*

1. Ás vivendas militares, a administración das cales non lle correspondía ó Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas no momento da entrada en vigor desta lei, non lles será de aplicación o réxime xeral establecido nela mentres non se formalicen as actas de entrega das ditas vivendas ó citado Instituto, logo da depuración, de se-lo caso, da situación física e xurídica dos inmobles correspondentes, nin o prazo a que se refire a disposición adicional quinta. Unha vez efectuado o anterior, asignaráselle-lo destino que corresponda para os efectos previstos no artigo 5 desta lei.

Ás citadas vivendas, mentres non pasen a ser administradas polo Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas, seralles de aplicación a normativa pola que viñan rexéndose, salvo o previsto na alínea seguinte.

2. En todo caso, o canon de uso ou taxa que fixe o ministro de Defensa para as vivendas militares aplicaráselles de forma progresiva durante un prazo de tres anos, a partir do seguinte ó da entrada en vigor desta lei, ás vivendas referidas na alínea anterior.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas as seguintes disposicións:

a) O artigo 78 da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

b) O Real decreto 1751/1990, do 20 de decembro, polo que se crea o Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas, se suprimen o Padroado de Casas Militares do Exército de Terra, o Padroado de Casas da Armada e o Padroado de Casas do Exército do Aire e se dictan normas en materia de vivendas militares.

c) O Real decreto 219/1997, do 14 de febreiro, polo que se modifica parcialmente o Real decreto 1751/1990, do 20 de decembro, polo que se creou o Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas e se dictaron normas en materia de vivendas militares.

2. Non obstante o establecido na alínea anterior, mentres non entren en vigor as disposicións que desenvolven a presente lei, manterán a súa vixencia os preceptos das disposicións que a seguir se describen:

a) Do Real decreto 1751/1990, do 20 de decembro, os artigos 2; 7; 8; 9; 10; 11, letras a), b), c), d), e), f), g), h), i), j), k), l), m) e ñ); 12; 13; 15; 23; 26; 30; 31; 37; 38; 39, letra c); 41; 42; 43, e disposición adicional décima.

b) Do Real decreto 219/1997, do 14 de febreiro, o artigo único, números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 8 e 9, disposición adicional cuarta e disposición adicional quinta.

3. Tódalas referencias contidas nos preceptos que quedan vixentes do Real decreto 1751/1990, do 20 de decembro, e do Real decreto 219/1997, do 14 de febreiro, ás vivendas militares de apoio loxístico, deberán entenderse feitas ás vivendas militares que se regulan nesta lei.

4. Así mesmo, quedan derogadas tódalas disposicións de igual ou inferior rango en canto se opoñan ó disposto nesta lei.

Disposición final primeira. *Desenvolvemento da lei.*

Autorízase o Consello de Ministros e o ministro de Defensa para que, no ámbito das súas respectivas competencias, dicten as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución da presente lei.

Disposición final segunda. *Modificacións orzamentarias.*

O ministro de Economía e Facenda efectuará as modificacións orzamentarias precisas para dar cumprimento ás previsións desta lei.

Disposición final terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Polo tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 9 de xullo de 1999.

JUAN CARLOS R.

15681 LEI 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas. («BOE» 170, do 17-7-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As sociedades cooperativas, como verdadeiras institucións socioeconómicas, débennles facer fronte ás constantes transformacións que, de forma progresiva, se producen no mundo actual. Os cambios tecnolóxicos, económicos e na organización de traballo que dan especial protagonismo ás pequenas e medianas empresas, xunto á aparición dos novos «xacigos de emprego», ábrenlles ás cooperativas amplas expectativas para a súa expansión, pero, á vez, esixen que a súa formulación xurídica encontre sólidos soportes para a súa consolidación como empresa.

Para as sociedades cooperativas, nun mundo cada vez máis competitivo e rigoroso nas regras do mercado, a competitividade converteuse nun valor consubstancial á súa natureza cooperativa, pois en van poderían manter os seus valores sociais se fallasen a eficacia e rendibilidade propias do seu carácter empresarial.

O mandato da Constitución española, que no punto 2 do seu artigo 129 lles ordena ós poderes públicos o fomento, mediante unha lexislación adecuada, das sociedades cooperativas, motiva que o lexislador considere a necesidade de ofrecer unha canle adecuada que canalice as iniciativas colectivas dos cidadáns que desenvolven actividades xeradoras de riqueza e emprego estable. O fomento do cooperativismo como fórmula que facilita a integración económica e laboral dos españois no mercado fai perfectamente compatibles os requisitos de rendibilidade e competitividade propios das economías máis desenvolvidas cos valores que dan forma ás cooperativas desde hai máis de cento cincuenta anos. Os elementos propios dunha sociedade de persoas, como son as cooperativas, poden vivir en harmonía coas esixencias do mercado; doutra forma o mundo cooperativo encontraríase nunha situación de divorcio entre a realidade e o dereito. Obxectivo da nova lei é, precisamente, que os valores que encarna a figura histórica do cooperativismo, resposta da sociedade civil ós constantes e innovadores condicionamentos económicos, sexan compatibles e garden un adecuado equilibrio co fin último do conxunto de socios, que é a rendibilidade económica e o éxito do seu proxecto empresarial.

Os valores éticos que dan vida ós principios cooperativos formulados pola alianza cooperativa internacional, especialmente nos que encarnan a solidariedade, a democracia, igualdade e vocación social teñen cabida na nova lei, que os consagra como elementos indispensables para construír unha empresa viable coa que os socios se identifican ó apreciaren nela a realización dun proxecto que garante o seu emprego e vida profesional.

Era necesaria unha lei de cooperativas que, reforzando os principios básicos do espírito do cooperativismo, fose un útil instrumento xurídico para lles facer fronte ós grandes desafíos económicos e empresariais que representa a entrada na Unión Monetaria Europea.

As novas demandas sociais de solidariedade e as novas actividades xeradoras de emprego son atendidas pola lei, ofrecendo o autoemprego colectivo como fórmula para a inserción social, a atención a colectivos espe-